

TÉCNICAS COMPOSITIVAS CONTRAPUNTÍSTICAS



Toni Cantal

19 e 21 de marzo de 2024

José Antonio Cantal Mariño

Naceu en Vigo. É Titulado Superior en música nas especialidades de Piano e Composición e Doutor pola Universidade de Vigo. No ámbito da investigación, é integrante do grupo *Organistrum* da Universidade de Santiago de Compostela e participa do I+D+I: *Fondos documentais de música nos arquivos civís de Galicia (1875-1951): Cidades do Eixe Atlántico* (Referencia HAR: 2015-64024-R), *Galicia-América: música civil, ideoloxía e identidades culturais a través do Atlántico 1800-1950* (ref. PID2020-115496RB-I00) e *Estudios Históricos de Música en Galicia y América* (ss. XI-XX) – GPC (ED431B 2021/09). Parte do seu traballo como investigador ten sido centrado nos concertos didácticos e as súas posibilidades na formación competencial e de elementos transversais do alumnado. O froito deste labor cristalizou en diversas propostas compositivas, tanto para banda como para orquestra, con este fin. Doutro lado, gran parte da súa produción está relacionada co xénero vocal, especialmente para formacións corais. Tamén cabe destacar a publicación de numerosas edicións críticas. Foi profesor titular da *European Academy for Wind Band* (2015-2017) de Fornos de Algodres (Portugal) e, desde o curso 17-18, da *Escola Galega de Dirección de Banda* de Xinzo de Limia (Ourense). Ten formado parte do Comité Científico da revista *Estudios Bandísticos* da Asociación Nacional de Directores de Banda. Desde 2007 desenvolve o seu labor como docente no Conservatorio Superior de Música de Vigo na especialidade de Composición.

Programa do Curso

LUGAR: Conservatorio de música de Ourense

DATAS: 19 e 21 de marzo de 2024

HORARIO: 16 h. a 19 h.

DEREITOS DE MATRÍCULA:

- Alumno/as activos do Centro: 10€
- Alumno/as activos externos ao Centro: 20€
- Alumnos/as oíntes: 5€

OBXECTIVOS:

Coñecer algunhas das principais técnicas compositivas contrapuntísticas. Principios do pensamento polifónico.

Identificar procedementos contrapuntísticos (contrapunto imitativo, invertible etc.), a partir dun referente auditivo ou a análise de fragmentos concretos.

Realizar pequenos exemplos escritos para ser interpretados polo propio alumnado co fin de estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

Abordar a composición como expoñente do proceso creativo e tamén desde un punto de vista académico e formativo.

CONTIDOS:

Coñecemento, análise e execución do funcionamento dalgunhas técnicas compositivas contrapuntísticas en diferentes etapas e estilos.

Improvisación, creación e elaboración de pequenos exemplos para orgánicos reducidos, contando cos instrumentos do alumnado asistente.

Experiencias na área da composición desde a perspectiva académica do alumnado.

As inscricións aboaranse en **ABANCA**,
IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula remata o día **15 de marzo de 2024.**

A todos os alumnos participantes no curso entregaráse, ao remate deste, un diploma acreditativo pola súa asistencia.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de Interpretación de _____

Nome e apelidos _____

Enderezo _____

CP e poboación _____

Teléfono _____ E-mail _____

Nivel de estudos: G.E. G.P. G.S.

Centro de estudos _____

- Alumnado activo do centro G.E.
- Alumnado activo do centro G.P.
- Alumnado activo externo.
- Alumnado oínte.

Data de inscrición _____

Sinatura _____